

# O NOVO MODELO DE URXENCIAS PROPOSTO POLO SERGAS EMPEORA A ATENCIÓN DA URXENCIA E EMPEORA A ATENCIÓN ORDINARIA ¡RECLAMAMOS A SÚA SUSTANCIAL MODIFICACIÓN!

**PORQUE O SERGAS QUERE IMPOÑER UN MODELO DE URXENCIAS QUE NON COMPARTIMOS**

Basado en:

- Unidades de Tarde con Urxencias
- PACs dende as 22 horas, pechando os actuais tramos de tarde
- Indefinición da organización específica dos 14 PACs con cabeceira en cidades e vilas con hospital

**PORQUE O SERGAS PROPÓN UNHAS CONDICIÓNS DE TRABALLO NAS NOVAS PRAZAS DE URXENCIAS INSATISFACTORIAS E INCERTAS**

Xa que:

- nacen moitas delas para traballo exclusivamente nocturno, que empobrece a súa perspectiva laboral e profesional
- nacen con trato discriminatorio en xornada e salario respecto do réxime normal do Sergas: nin se recoñece a xornada en función do número de noites, nin se recoñece a retribución por penosidade do traballo de noite e de domingos e festivos
- haberá reconversión de prazas de médicos/as e de enfermeiras/os cos cambios de horarios entre os actuais e os futuros PACs
- polo mesmo motivo, haberá reconversión de prazas de persoal non sanitario, que non se quere incluír na negociación

**PORQUE O SERGAS PROPÓN UNHA REFORMA ENCUBERTA DA ATENCIÓN ORDINARIA**

¿Cómo?:

- potenciando e extendendo a obriga de compartir a atención da consulta e da urxencia, empeorando así a programación e o tempo de consulta:
  - o ao persoal das Unidades de Tarde
  - o ao persoal das Unidades con horario deslizante
  - o por efecto rebote, ao persoal das Unidades de mañán
- implantando un sistema de intersubstitución (ou sexa, de acumulación de cupo) obrigatorio e mal pagado, que potencia a non contratación e incentiva a sobrecarga

**E TAMÉN PORQUE O SERGAS GAÑOU A PULSO A SÚA FALTA DE CREDIBILIDADE**

Entre outros motivos, porque:

- non respetou e segue incumplindo o anterior acordo do 99 polo que debían rematar as gardas obrigatorias o pasado 30 de novembro
- propón un novo período transitorio de 3 anos sobre o que non aporta garantías de cumprimento

POR TODO ELO:

**INFÓRMATE, OPINA E, SI ESTÁS DE ACORDO CON ESTAS RAZÓNS,  
MOBILÍZATE !!**

